

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 05 DE XUÑO DE 2006

2.- Solicitudes de licenzas de obras.

FAVORABLES

2667/04.- Troqueles y Moldes de Galicia, S.A.- Ampliación de licenza de obras e apertura (Lap/296/04) de ampliación de nave adicada a almacén, probas e fabricación de preseries en Vía La Cierva núm.25.

2362/04.- Inmobiliaria Puentes y Calzadas, S.L.- Modificación e ampliación de licenza de construción de 5 viv. enconstadas en Outeiro, Castiñeiríño.

356/06.- Valiño 339-340, S.L.-Cotaredo.- Edificio (4 viv.) na Rúa da Raxeira, Peri de Outeiro.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZAS

785/06.- Malga, S.L.....Expte.....795/05.....150 €

786/06.- Malga, S.L.-.....Expte...1762/03.....2.800 €

787/06.- Malga, S.L.-.....Expte...2122/03.....740 €

788/06.- Malga, S.L.-.....Expte...2480/03.....300 €

789/06.- Malga, S.L.-.....Expte...2483/03.....130 €

APERTURAS

Lap/88/06.- Souto Comavi, S.A.- Apertura garaxe comunitario na R/ Ponte Pereda.

Lap/131/06.- Urbecon Inversiones Inmobiliarias, S.L.- Posta en funcionamento de garaxe comunitario na Avda. Rosalía de Castro núm.103.

6.- Proposta da concelleira delegada de rehabilitación do casco histórico relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.

Apróbase a concesión dunha axuda para unha vivenda en Virxe da Cerca por un importe de 10.400 euros.

7.- Deixar deserto o concurso para a contratación Obras de substitución de escaleira mecánica na Estación de Autobuses incluídas no Plan de Grandes Cidades 2005 da Excm. Deputación Provincial da Coruña.

Acórdase deixar deserto o concurso por falta de licitadores capacitados.

8.- Proposta do concelleiro delegado de infraestruturas relativa ó inicio dun novo expediente de contratación das obras de substitución de escaleira mecánica na Estación de Autobuses incluídas no Plan de Grandes Cidades 2005 da Excm. Deputación Provincial da Coruña.

Apróbbase o inicio do novo expediente de licitación pola vía de urxencia.

9.- Proposta do concelleiro delegado de infraestruturas relativa á ampliación do prazo de execución das obras de reforma e ampliación de alumeadado público das Cancelas.

Acórdase a ampliación do devandito prazo de execución por un período dun mes, motivado por novas canalizacións.

10.- Dar conta da concesión ao Concello dunha subvención para a ampliación da nave para formación ocupacional no centro de F.O. de Aríns.

Dáse conta da subvención, por un importe de 34.984 euros.

11.- Proposta do concelleiro delegado de promoción económica relativa á adxudicación do Subministro e instalación de estrutura de cuberta e unidade de portal basculante para a Nave de formación de ARINS.

Adxudícase o devandito subministro á empresa CARPINTERÍA METÁLICA GALANAS S.L., por un importe de 11.832 euros.

12.- Proposta da concelleira delegada de reforma administrativa relativa ao aluguer do local nº 4 da rúa Presidente Salvador Allende para a súa utilización como sede de oficinas municipais.

Adxudícase o aluguer a Manuel Santos Santos, cunha duración inicial do aluguer dun ano, por un importe de 774 euros/mes.

13.- Proposta da concelleira delegada de reforma administrativa relativa ao Aluguer do local nº 5 da rúa Presidente Salvador Allende para a súa utilización como sede de oficinas municipais.

Adxudícase o aluguer a Julio Manuel Antelo Quintáns, cunha duración inicial do aluguer dun ano, por un importe de 854 euros/mes.

14.- Proposta da concelleira delegada de educación relativa á aprobación dos orzamentos, prego e inicio do expediente de contratación do Subministro e instalación, mediante leasing, de elementos de xogo infantís para varios centros de educación infantil e primaria do municipio.

Apróbanse os orzamentos e o prego de condicións, e iníciase o expediente de contratación do subministro e instalación de xogos infantís para o CEIP Quiroga Palacios (52.438 euros), o CEIO Pío XII (34.863 euros), CEIP López Ferreiro (32.601 euros) e CEIP Raíña Fabiola (26.598 euros).

15.- Proposta do concelleira delegada de educación relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación do Servizo de xestión das actividades incluídas no programa de Educación Ambiental no albergue rural O COTO-ARBO.

Apróbase o prego e iníciase o expediente de contratación do devandito servizo, por un importe de 20.500 euros.

16.- Proposta da concelleira delegada de educación relativa á adxudicación das Obras de acondicionamento das áreas de xogo infantís nos Colexios Raíña Fabiola, Pío XII e López Ferreiro.

Adxudícanse as obras á empresa MONTEBALSA, S.L., por un importe de 30.000 euros.

17.- Proposta do concelleiro delegado de seguridade cidadá relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación do Subministro dun gravador dixital de comunicacións para a Policía Local.

Apróbase o prego de condicións e iníciase o expediente de contratación do devandito subministro, por un importe de 15.200 euros.

18.- Proposta da concelleira delegada da UMAD relativa á adxudicación da asistencia técnica para desenvolvemento do programa KAMELAMOS GUINAR 2006.

Adxudícase a asistencia técnica á Fundación Secretariado General Gitano, por un importe de 12.000 euros.

19.- Proposta da concelleira delegada de reforma administrativa relativa á adxudicación do Servizo de posta en marcha dun módulo software para a publicación de novos servizos a través da carpeta cidadá do portal web do Concello.

Adxudícase o servizo á empresa SOFTGAL, S.A., por un importe de 29.750 euros.

20.- Proposta da concelleira delegada de limpeza relativa á adxudicación do Subministro de papeleiras para o barrio de FONTIÑAS.

Adxudícase o subministro á empresa PARQUES Y JARDINES FÁBREGAS, S.A, por un importe de 18.966 euros.

21.- Proposta do concelleiro delegado de deportes relativa á realización das obras nos vestiarios do campo de Santa Isabel, e solicitude dunha subvención á Xunta de Galicia.

Apróbanse as devanditas obras, presupostadas en 59.999 euros, e a solicitude dunha subvención á Xunta para as mesmas.

22.- Proposta do concelleiro delegado de transporte relativa á 3ª prórroga do contrato de mantemento, conservación e reparación das instalacións semaforicas de regulación do tráfico centralizadas.

Acórdase a prórroga do contrato por un ano máis coa empresa UTE SAINCO TRÁFICO, S.A.-DAVIÑA S.L.

23.- Proposta da concelleira delegada de educación e mocidade relativa á aprobación dos programas de tempo libre para o verán 2006.

Apróbanse os devanditos programas.

24.- Proposta do concelleiro delegado de infraestruturas en relación co expediente de saneamento da conca do río Aríns. Anteprojecto EDAR.

Acórdase solicitar á Presidencia do Organismo Autónomo Augas de Galicia o financiamento do 100% do custo das obras e a remisión da documentación requirida no expediente.

25.- Proposta da concelleira delegada de educación e mocidade relativa á aprobación definitiva das listas de admisión e de espera na escola infantil de Conxo, curso 2006-2007.

Apróbanse as devanditas listas nas diferentes unidades da Escola Infantil Municipal de Conxo.

26.- Proposta da concelleira delegada de educación e mocidade relativa á concesión de subvencións para proxectos e actividades educativas e culturais 2006.

Apróbase a concesión de subvencións, por un importe total de 30.000 euros.

27.- Proposta das concelleiras delegadas de educación e mocidade e de medio ambiente relativa á solicitude de axudas para actividades de educación para a sustentabilidade.

Acórdase a solicitude de axudas para este fin á Consellería de Medio Ambiente, por un importe de 11.542 euros.

28.- Proposta do concelleiro delegado de relacións veciñais relativa á aprobación do reparto das subvencións para proxectos de actividades programadas polas AA.VV.

Apróbase o devandito reparto de subvencións, que se formalizarán mediante convenios de colaboración, por unha contía total de 80.000 euros.

29.- Proposta do concelleiro delegado de promoción económica relativa á modificación do punto número 75 da sesión de 8.5.2006, relativo á concesión dunha subvención e á contratación dun técnico de orientación laboral.

Modifícase a redacción do devandito punto.

30.- Proposta do concelleiro delegado de infraestruturas relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e INEGA para o proxecto "ENERIN TOWN".

Apróbase o devandito convenio, co obxecto de promover o uso racional da enerxía.

31.- Proposta da concelleira delegada de persoal e réxime interior relativa á modificación do plan de formación continua 2006.

Acórdase a modificación do devandito plan.

32.- Proposta do concelleiro delegado de deportes relativa á aprobación da 2ª addenda ao Convenio entre o Concello e a Xunta de Galicia para as obras dun polideportivo en Pontepedriña.

Apróbase a segunda addenda, que afecta unicamente á Xunta de Galicia, co obxecto de reestruturar o financiamento das obras.

33.- Proposta do concelleiro delegado de infraestruturas en relación co expediente de saneamento da conca do río Aríns. Colectores Xerais.

Acórdase solicitar á Presidencia do Organismo Autónomo Augas de Galicia o financiamento do 100% do custo das obras e a remisión da documentación requirida no expediente.

34.- Proposta do concelleiro delegado de urbanismo relativa á conformidade da recepción da fase previa da contratación para a redacción dos plans parciais de ordenación dos sectores SUD-1 (Mallou), SUD-2 (Cancelas_A Muíña), SUD-3 (Amio Norte), SUD-5 (Amio Sur). Plan especial Parque urbano Norte PU-16 e Sistema xeral viario Cancelas-Amio (Treito Camiño de Amio-Porto do Medio).

Infórmase favorablemente a recepción da fase previa denominada "Programa de Traballo", para a redacción dos plans parciais dos devanditos sectores.

35.- Proposta do concelleiro delegado de urbanismo relativa á aprobación inicial do Proxecto de urbanización da área de execución integral A (AEI-A) do Plan especial de reforma interior número 5 (PERI-5) de San Lázaro.

Apróbase inicialmente os devandito proxecto de urbanización, segundo o documento presentado por EDIPROMFER S.L. e PLAVIMUNDO S.L. o 27 de setembro de 2005.

36.- Proposta do concelleiro delegado de urbanismo relativa á aprobación provisional do plan de sectorización do solo urbanizable non programado número 37, 3º sector (SUNP-37.3) de Costa Vella.

Apróbase provisionalmente o devandito plan de sectorización.

37.- Proposta do concelleiro delegado de urbanismo relativa á aprobación provisional do plan de sectorización do solo urbanizable non programado número 38 sector (SUNP-38) de Formarís.

Apróbase provisionalmente o referido plan de sectorización.

38.- Proposta do concelleiro delegado de urbanismo relativa á aprobación definitiva do enlace da N-550 cos ámbitos industriais do solo urbanizable non programado número 37, 3º sector (SUNP-37.3) de Costa Vella, do solo urbanizable non programado número 38 (SUNP-38) de Formarís e Finsa en Santiago de Compostela.

Apróbase o proxecto de trazado do referido enlace da N-550.

39.- Proposta do concelleiro delegado de urbanismo relativa aos recursos de reposición presentados á aprobación do expediente do Proxecto técnico de expropiación para o saneamento da Conca do río Aríns.

Acórdase a estimación e desestimación de alegacións á vista dos informes técnicos.

40.- Proposta do concelleiro delegado de urbanismo relativa ao inicio do expediente de expropiación do solo urbanizable programado número 7 (SUP-7) de Ponte Pedriña.

Apróbase o inicio do procedemento de expropiación forzosa do SUP-7 e a relación de bens e dereitos que nel se inclúen, someter o proxecto a información pública polo prazo dun mes e a notificación individual aos afectados.

41.- Proposta do concelleiro delegado de urbanismo relativa ao inicio do expediente de expropiación do solo urbanizable non programado número 11 (SUNP-11) do Castiñeiríño.

Apróbase o inicio do procedemento de expropiación forzosa do SUP-7 e a relación de bens e dereitos que nel se inclúen, someter o proxecto a información pública polo prazo dun mes e a notificación individual aos afectados.

42.- Proposta da concelleira delegada do casco histórico relativa á modificación das bases reguladoras da concesión de axudas á rehabilitación de locais da cidade histórica.

Apróbase a modificacións das bases terceira, décimo terceira e vixésimo quinta.

43.- Proposta da concelleira delegada do casco histórico relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello e o Consorcio da cidade de Santiago de Compostela en materia de Rehabilitación e Mantemento de vivendas e locais comerciais no centro histórico.

Apróbase o convenio de colaboración.

44.- Proposta da concelleira delegada do casco histórico relativa ás bases reguladoras e convocatoria para a concesión por parte do Consorcio da cidade de Santiago de Compostela de subvencións para o mantemento de edificacións.

Préstase conformidade ás bases reguladoras e á correspondente convocatoria contida nas mesmas.

45.- Proposta da concelleira delegada de persoal relativa ao nomeamento de diversos funcionarios.

Procédese ao nomeamento de varios funcionarios.

46.- Proposta do concelleiro delegado de promoción económica e emprego relativa ao volume orzamentario do proxecto PERSOA III.

Apróbase a distribución orzamentaria do programa, que conta cun orzamento total de 585.000 euros para o período 2005-2007.

47.- Proposta do concelleiro delegado de promoción económica e emprego relativa ao volume orzamentario do proxecto EQUAL COMPOSTELA SOCIAL.

Apróbase a nova distribución orzamentaria do proxecto, que conta cun orzamento total de 568.603 euros para o período 2005-2007.

48.- Proposta do concelleiro delegado de facenda relativa á compensación do uso público da dársena do aparcadoiro do colexio "A Salle".

Acórdase a compensación do uso público da dársena, co abono de 150.253 euros.

49.- Aprobación da liquidación de contas do programa de animación á lectura "Unha merenda de Alicias".

Apróbase a liquidación das contas.

50.- Proposta do concelleiro delegado de cultura relativa á aprobación do convenio entre o Concello de Santiago e a Asociación do Traxe galego.

Apróbase o devandito convenio, que fixa unha colaboración económica do Concello de 4.000 euros.

51.- Proposta do concelleiro delegado de deportes relativa á aprobación do DÍA DO DEPORTE EN COMPOSTELA.

Apróbase a celebración da devandita xornada e o seu programa de actos, cun orzamento de gasto de 10.000 euros.

52.- Proposta do concelleiro delegado de turismo relativa á aprobación da 2ª relación de gastos xustificativos da execución do convenio para o plano de competitividade turística.

Apróbase a segunda relación de gastos, por un importe de 103.626 euros.

53.- Proposta do concelleiro delegado de promoción económica e emprego relativa á contratación de persoal para o proxecto PERSOA III.

Acórdase a contratación de catro titores/as de prácticas e inserción.

54.- Proposta do concelleiro delegado de promoción económica e emprego relativa á contratación de persoal para o proxecto EQUAL COMPOSTELA SOCIAL.

Acórdase a contratación e as bases que rexerán a convocatoria e selección dun técnico/a para a coordinación de accións de promoción de iniciativas empresariais e dun titor/a de promoción de iniciativas empresariais.

55.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello e INCOLSA-TURISMO DE SANTIAGO, TVG S.A.; e RADIO-TELEVISIÓN GALICIA, S.A. para a promoción e difusión do festival internacional "CURTOCIRCUITO".

Dáse conta da sinatura do devandito convenio.

56.- Proposta do concelleiro delegado de política lingüística relativa á aprobación do gasto para tres bolsas do curso 2006-2007.

Apróbase o gasto para tres bolsas, por unha contía total de 8.100 euros.

57.- Dar conta da corrección de erro no acordo da sesión do día 15 de maio de 2006 relativo á aprobación provisional do plan de sectorización do solo urbanizable non programado número 32 (SUNP-32) 1º sector. Monte Medorra-Bando.

Dáse conta da corrección do erro.

URXENCIAS

-Prórrogase o contrato de vixilancia no Estadio de San Lázaro, por un período dun ano e a partir do 11 de xuño, á empresa SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA.